



Antón Baamonde alerta da privatización da cultura

Radiofusión 19 de marzo de 2026

<https://www.radiofusion.gal/actualidade/novas/ant%C3%B3n-baamonde-alerta-da-privatizaci%C3%B3n-da-cultura>

O escritor **Antón Baamonde** presenta o seu novo libro, ***Agora non é antes***, unha obra que, máis que ollar ao pasado, fai unha prospección de futuro para entender o presente. Baamonde alerta sobre unha época de "tormenta" onde o mercado está a "arrasar toda a densidade cultural". Sinala que a intelixencia artificial está a privatizar a herdanza cultural do planeta, e que moitos produtores culturais crean xa só coa vista posta no éxito de mercado inmediato, perdendo de vista a transcendencia futura.

Escoita o podcast:

Conversa co escritor Antón Baamonde:

<https://redefusion-eu.us.stackstaging.com/audio/180326BAAMONDE.mp3>

O autor conecta esta dinámica co auxe da ultradereita mundial, exemplificada en figuras como Trump, que busca "acabar cos consensos de posguerra en Europa" para impoñer un capitalismo máis duro. "Os tempos escuros están volvendo", afirma, e advirte que estamos ante un posible episodio de "alienación colectiva". A pesar do panorama, Baamonde lanza unha mensaxe de esperanza, instando a combater a visión distópica imperante e a "volver situar no centro da mesa o principio de esperanza" para construír sociedades máis satisfactorias.